

CURSOS MONOGRÁFICOS
ESCOLA DE VERÁN 2025-2026
ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO, EMAO
Do 6 ao 17 de xullo de 2026

Dentro da programación prevista no Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios (PEMAO15), faise a seguinte Convocatoria de Cursos Monográficos – Escola de Verán EMAO, a realizar entre os días 6 e 17 de xullo de 2026, dirixidos ás persoas interesadas que cumpran os requisitos indicados en cada un dos cursos.

CURSOS QUE SE CONVOCAN:

“Banco de carpinteiro”

Impartido por Xaime Rivas, mestre da especialidade de **CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS -CAIM- Zanfona** da EMAO.

Destinatarios/as: Aberto a todas as persoas interesadas, a partir de 16 anos.

Datas: do 6 ao 16 de xullo, de 09.30h a 13.30h. **Duración:** 36 horas.

Obxectivos: Coñecer e familiarizarse coa ferramenta manual propia da carpintaría.

Programa:

Realización de diferentes obxectos en madeira (encaixes, ensamblaxes, pezas funcionais) con técnicas da profesión.

Material a achegar polo alumnado:

Taboleiro de madeira de faia (gasto conxunto).

Alumnado máximo: **6**

“Xoiaría con porcelana tinguida”

Impartido por Sandra de Jesus e Esther Quintas, mestras das especialidades de **OURIVARÍA e CERÁMICA ARTÍSTICA** da EMAO.

Destinatarios/as: calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos.

Datas: do 7 ao 17 de xullo, de 09.30h a 13.30h. **Duración:** 36 horas

Obxectivos:

- Deseño e construción dun conxunto de xoiaría formado por colgante, pendentes e anel. Elaborado con porcelanas tinguidas e latón, aplicando as técnicas e procedementos das dúas especialidades.
- Aprender e aplicar as técnicas básicas da ourivaría para o traballo en metal.
- Aprender e aplicar as técnicas básicas da cerámica para o traballo con porcelana.

Programa:

- Coñecementos básicos dos obradoiros, técnicas e procedementos básicos das dúas disciplinas.
- Técnicas de ourivaría que aplicaremos: corte do metal, limado e esmerilado, iniciación á soldadura, unión en frío “remache”, creación de monturas, montaxe e acabados.
- Técnicas de cerámica que aplicaremos: coloración de pastas para obter un mostrario de cores, realización de pequenos moldes de escaiola e traballo con porcelana de colada, que se cocerá a alta temperatura.

Material a achegar polo alumnado:

Os materiais e consumíbeis que empregarán terán un custe aproximado de 30€, que implica a compra común de fío de latón e prata, cadea de latón e peches e distintos consumíbeis como brocas, fresas, fíos de serra, lixa, etc.

Precisarán tamén mandil ou bata para traballar.

Alumnado máximo: **12**

“Moedeiros para escalar”

Impartido por Pepe Pereira, mestre da especialidade de **ARTESANÍA EN COIRO** da EMAO.

Destinatarios/as: Calquera persoa, sen necesidade de ter coñecementos previos sobre coiro.

Datas: do 6 ao 16 de xullo, de 09.30h a 13.30h. **Duración:** 36 horas.

Obxectivos:

- Aproximarse ao traballo do Coiro, a partir da realización de pezas pequenas.
- Coñecer diferentes tipos de estruturas de montaxe que permitan o seu escalado para a realización de pezas de maior tamaño.

- Construír pezas empregando diferentes técnicas construtivas propias da marroquinería.
- Familiarizarse coa ferramenta básica dos oficios do coiro.

Programa:

Aínda que na actualidade a vida nos leve cara a un uso electrónico ou dixital do diñeiro, o moedeiro segue a ser unha peza de marroquinería moi usada. Este verán pode ser un bo momento para achegarche ao traballo do coiro facendo prácticos moedeiros. Elaboraremos dez moedeiros diferentes, a partir duns patróns que dun xeito doado e práctico poderemos escalar para construír pezas de maior tamaño, como bolsos, neceseres ou talvez mochilas.

- ¿Que é o coiro? Diferencias entre coiro e pel. Tipos de curtido.
- Ferramenta Básica para corte e costura en Coiro.
- Costura de “guarnicioneiro”, costuras con tireta, moldeado, pregado e engurrado como elementos construtivos de marroquinería.
- Fornituras básicas para marroquinaría.
- Acabado básico de pezas de coiro.

Material a achegar polo alumnado:

Pel de poldro de curtido vexetal, cordón de coiro, tireta, broches e fornitureas. Custo aproximado 25€. Non fai falla traer os materiais o primeiro día, hai posibilidade de facer unha compra en grupo de materiais para abaratar o custo.

Alumnado máximo: **15**

“Posa; pintámoste con mancha”

Impartido por **Dario A. Basso e Federico Fernández**, mestres das especialidades de **PINTURA e DEBUXO ARTÍSTICO** da EMAO.

Destinatarios/as: calquera persoa interesada.

Datas: do 6 ao 16 de xullo, de 09.00h a 13.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivos: Curso interdisciplinar entre os obradoiros de Debuxo e Pintura, no que nos centraremos en achegar o debuxo do movemento do corpo, a proporción e as posicións diversas do mesmo, para aplicalo na representación pictórica a través da mancha e da cor. Ademais trataremos de realizar unha serie de pezas pictóricas de pequeno formato onde se poñan en práctica os coñecementos que se irán adquirindo mediante o proceso.

Programa:

1) Achegamento básico ao debuxo aplicado á figura humana: a primeira parte do obradoiro consiste na realización dunha serie de exercicios que axuden ao alumnado a representar a figura humana como recurso de aplicación na obra pictórica posterior.

- Breve radiografía do debuxo e a ilustración, onde a figura humana sexa o motivo principal
- Coñecer a morfoloxía do corpo humano e a proporción da figura humana
- Aplicar a medida e o canon na realización de debuxos de figura humana do natural
- Representar un modelo do natural atendendo á proporción e ao movemento con poucos trazos
- Coñecer os materiais e as técnicas básicas de debuxo. Carbón, lapis
- Utilizar as ferramentas de debuxo co fin de ser unha base para a finalización pictórica

2) Achegamento básico á mancha e á cor na elaboración de pezas pictóricas con motivos de figura humana: a segunda parte do obradoiro consiste na realización dunha serie de exercicios de posado do natural entre o alumnado presente aplicando a proporción a medida á mancha e á cor, nunha sorte de exercicios que finalizarán nun pequeno proxecto.

- Breve radiografía da pintura onde a figura humana sexa o motivo principal
- Coñecer e aplicar a teoría da cor
- Realizar exercicios de mancha/cor utilizando pintura acrílica a partir da interpretación de obras coñecidas
- Realizar exercicios do natural/posados a mancha/cor en tempos relativamente reducidos
- Representar a través da pintura varios motivos humanos de posado do natural como conclusión do obradoiro

Material a achegar polo alumnado:

Block de debuxo/pintura 300gr. Formato A3; cartóns de diversos tamaños a especificar, madeiras de diversos tamaños para reciclaxe (exemplo: caixas de viños); barra de grafito e carbonciños; goma de masilla; xogo de pinceis.

Alumnado máximo: **15**

“Sol, tea e mar; corta, cose e a estrear”

Impartido por **Emma Pintos**, mestra da especialidade de **MODA E CONFECCIÓN** da EMAO.

Destinatarios/as: Non se necesitan coñecementos previos. Un curso práctico para que o alumnado perda o medo á costura.



Datas: do 6 ao 16 de xullo, de 09.00h a 13.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivos: Aprender a coser e rematar de forma profesional pezas con padróns definidos estandarizados.

Programa:

- Primeiros pasos coa maquina de coser
- Corte e preparación do tecido
- Confección de pantalón curto con petos
- Confección de kimono.

Material a achegar polo alumnado:

Teas para confeccionar os proxectos. O primeiro día de clase especificaranse os tipos de teas adecuadas e as cantidades necesarias

Alumnado máximo: 10

“Paisaxe, gravado e bordado: diálogos visuais”

Impartido por Marian Núñez e Rosa García, mestras das especialidades de **DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS** e **TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA** da EMAO.

Destinatarios/as: Dirixido a estudantes, artistas, docentes e persoas interesadas nas artes visuais e os procesos híbridos entre imaxe e materia.

Datas: do 6 ao 16 de xullo, de 10.00h a 14.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivos: Desenvolver unha práctica artística interdisciplinar que explore a paisaxe como espazo de creación, memoria e experiencia visual, establecendo vínculos entre o gravado e o bordado mediante a experimentación con técnicas gráficas e téxtiles.

Obxetivos específicos:

- Introducir técnicas básicas de gravado e bordado aplicadas a soportes diversos
- Investigar a relación entre pegada, repetición, textura e materia
- Experimentar coa combinación de papel, tecido, fío e estampaxe
- Potenciar a capacidade expresiva mediante procesos manuais e contemporáneos
- Favorecer o intercambio de ideas e o traballo colectivo no ámbito das artes visuais.

Programa:

- A paisaxe como espazo de representación, memoria e experiencia visual.
- Introducción ao gravado contemporáneo e ás técnicas básicas de estampación.
- O bordado como linguaxe artística e ferramenta de intervención visual.
- Referentes históricos e contemporáneos na arte gráfica e téxtil.
- Relación entre pegada, repetición, textura e materia.
- Experimentación con matrices, estampaxe e procesos gráficos manuais.
- Introducción a técnicas básicas de bordado sobre papel e tecido.
- Hibridación entre procedementos gráficos e téxtiles.
- Exploración de soportes, materiais e procesos interdisciplinares.
- Desenvolvemento de proxectos persoais a partir da observación e reinterpretación da paisaxe.
- Procesos de creación contemporánea, investigación visual e diálogo colectivo.
- Presentación e reflexión compartida sobre os traballos realizados.

Material a aportar polo alumnado:

Todo o material especificarase o primeiro día de clase: papel de gravado, fío de bordar, linóleo, tesoiras, cúter, papel de calco

Alumnado máximo: 12

“Iniciación á construción de palletas”

Impartido por Carlos Corral, mestre da especialidade de **CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS -CAIM- GAITA** da EMAO.

Destinatarios/as: aberto ao público en xeral, que non fixera o curso habitual, e preferentemente gaiteiros.

Datas: do 6 ao 16 de xullo, de 10.00h a 14.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivo: Transmitir os conceptos básicos para a construción e posterior manipulado de palletas.

Programa: Identificación e selección da cana, calibrado do interior das palas, conformación da estrutura, mecanizado e axuste do tudel, montaxe da palleta, elaboración e colocación do ferrete, desvaste das paletas, afinación.

Material a achegar polo alumnado:

Navalla e calibre (pe de rei)

Alumnado máximo: 6



ESCOLA DE VERÁN 2025-2026 CURSOS MONOGRÁFICOS

CONDICIÓNS COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

Duración dos cursos:

36 horas

Datas:

Entre o **6 e o 17 de xullo de 2026**. Horario de mañá

Lugar:

Aulas e talleres da **Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo** (EMAO)

Prazas limitadas:

Ver número máximo de alumnos/as na convocatoria específica

Preinscrición:

As persoas interesadas deberán ter en conta o seguinte procedemento:

- ✓ **O prazo** para solicitar a preinscrición será desde o **15 de xuño** ata o **18 de xuño** de 2026. Non serán válidas as solicitudes presentadas con anterioridade e posterioridade a estas datas.
- ✓ Non poderán preinscribirse as persoas matriculadas na EMAO no curso 2025-2026.
- ✓ Só se admitirán persoas maiores de 16 anos.
- ✓ Só serán válidas as solicitudes que cumpran estritamente as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso en concreto
- ✓ A preinscrición nas prazas ofertadas poderá facerse (máximo de dúas opcións de curso):
 - Por internet:** na web-EMAO <http://hoxe.vigo.org/movemonos/ema026.php> **[opción prioritaria e recomendada]**
 - Presencial:** na oficina administrativa da EMAO.
- ✓ A listaxe de preinscritos exporase o día **22 de xuño** no taboleiro oficial de anuncios da EMAO (en adiante o Taboleiro) e na web-EMAO. Darase un prazo de un día, para presentar reclamacións á listaxe.
- ✓ Rematado ese prazo, e no caso de que existan máis solicitudes ca prazas ofertadas, o día **25 de xuño** realizarase un **sorteo** entre as persoas cuxa solicitude sexa válida conforme ao procedemento que se establece na presente convocatoria. O sorteo ordenará ás persoas solicitantes entre admitidas e en lista de agarda.
- ✓ Unha vez finalizados estes procedementos, o **29 de xuño** exporase no Taboleiro e na web-EMAO a listaxe definitiva de persoas seleccionadas, clasificadas por cursos.

Matrícula:

- Gratuíta
 - A matrícula farase en función do resultado do sorteo. A presenza na listaxe definitiva de persoas seleccionadas significa que a matrícula foi dada de alta para o correspondente curso monográfico.
 - Se algunha persoa aparece seleccionada nos dous cursos que poidera solicitar, deberá optar por un deles no prazo de dous días (29 e 30 de xuño) tras a publicación do resultado do sorteo, mediante a súa comunicación á oficina da EMAO. No caso de non facelo, asignaráselle pola EMAO o curso no que estará admitida.
 - A inasistencia o primeiro día do curso implicará a baixa automática no curso monográfico, agás causa documentalmente xustificada e limitada só a ese primeiro día, dándose entrada no curso á seguinte persoa da lista de agarda.
-

Cadro resumo

Escola de verán EMAO 2026. Cursos Monográficos

Nome do curso	Especialidade/s	Profesorado	Datas	Horario	Nº máximo alumnado
"Banco de carpinteiro"	CAIM Zanfona	Xaime Rivas	06-16/07/26	09.30h-13.30h	6
"Xoiaría con porcelana tinguida"	Ourivaría Cerámica	Sandra de Jesus Esther Quintas	07-17/07/26	09.30h-13.30h	12
"Moedeiros para escalar"	Artesanía en coiro	Pepe Pereira	06-16/07/26	09.30h-13.30h	15
"Posa; pintámoste con mancha"	Debuxo artístico Pintura	Federico Fernández Darío Basso	06-16/07/26	09.00h-13.00h	15
"Sol, tea e mar; corta, cose e a estrear"	Moda e confección	Emma Pintos	06-16/07/26	09.00h-13.00h	10
"Paisaxe, gravado e bordado: diálogos visuais"	Talla e escultura en madeira Deseño e encaixe de palillos	Rosa García Marian Núñez	06-16/07/26	10.00h-14.00h	12
"Iniciación á construción de palletas"	CAIM Gaita	Carlos Corral	06-16/07/26	10.00h-14.00h	6